



### **Veciñanza presentará unha moción para que o Concello de Cuntis ‘actualice, coide e profesionalice’ a súa presenza en internet e nas redes sociais**

*Veciñanza propón que o Concello de Cuntis renove a súa web co dominio .gal, coide e profesionalice a presenza do Concello de Cuntis na web e nas redes sociais. Este debe ser hoxe en día un espazo de comunicación bilateral plenamente válido entre Administración e veciños/as que o Concello de Cuntis non está a facilitar.*

Cuntis, 18 de setembro de 2018. Veciñanza levará ao próximo pleno **unha iniciativa para que o Concello de Cuntis actualice, coide e profesionalice a súa presenza en internet e nas redes sociais**. Na actualidade, esta é unha materia pendente que o Bipartito ten absolutamente abandonada. **Veciñanza considera a actual presenza de Cuntis na rede, así como a súa xestión, ‘cutre e desoidada’**. Estes cualificativos veñen avalados por dúcias de exemplos que calquera pode constatar. Por citar só algúns dos máis vergonzosos:

- Na web, as estatísticas de poboación presentan datos de 2008
- Unicamente están dispoñibles tres actas de plenos, a última delas do ano 2009
- A sección de Transparencia permanece ‘*en construción*’
- Non ten acceso directo á Administración Electrónica
- É unha web desactualizada, nada funcional e que se adapta mal a dispositivos móbiles
- O portal *turismodecuntis.es* presenta no seu inicio un cartel de 2015, está abandonado e xera unha imaxe moi contraproducente para a promoción turística do municipio, que é exactamente o efecto contrario ao que se persegue cunha web destas características
- Os perfís vencellados ao Concello de Cuntis nas redes sociais presentan, entre outras, faltas de ortografía, ausencia de criterio das publicacións, falta de contido propio, etc.

Veciñanza considera que unha presenza digna tanto na web como nas redes sociais non é algo secundario nin pertencente ao futuro. Internet e as redes son espazos de comunicación bilateral entre administración e cidadáns/cidadás plenamente válidos hoxe en día, e para iso cómpre poñer a disposición do/a usuario/a ferramentas útiles, atractivas e eficaces. Desgraciadamente, a poucos meses de rematar a lexislatura, para o Bipartito de Cuntis non é unha necesidade.

Veciñanza impulsa un acordo de toda a Corporación para instar ao Grupo de Goberno **a abordar estas carencias adoptando as seguintes medidas: o deseño dunha nova web atractiva, moderna, útil, funcional e adaptable a dispositivos móbiles, co dominio .gal para posicionala na rede con maior precisión; así como coidar e profesionalizar a xestión das redes sociais e da presenza de Cuntis na rede** para rematar coa precariedade que caracteriza as publicacións e a súa presenza en Internet.

Veciñanza agarda o apoio do resto de grupos políticos e a asunción por parte do Alcalde desta responsabilidade. Esta demanda xa fora presentada fai uns meses pero o Bipartito rexeitou adicar recursos a esta cuestión.

